

O PODER ARCAIZ

da

A Nosa Historia

ESTREA
7 e 8 de decembro
Teatro Colón, A Coruña



O PODER DO ARCABUZ (1)

‘O Poder de Arcabuz’ é unha historia sobre as inxustizas e o poder. Neste espectáculo o autor utiliza o arcabuz como metáfora do poder e dos cartos. Hai que lembrar que a Revolución Irmandiña foi a maior revolta europea do século XV, que foi derrotada finalmente polos nobres, que traían a primeira arma que usaba a pólvora: o arcabuz.

Trátase da descrición surrealista dunha historia, baseada na Revolta Irmandiña, entendida como un musical no que se fusionan distintas artes escénicas. A obra ten dous protagonistas principais (a nobre e o capitán irmandiño), dous secundarios (xefes) e 30 bailaríns corais (irmandiños e hostes). Estamos diante dun espectáculo de danza en gran formato, con case un cento de artistas no escenario:

- **33 bailaríns** (2 protagonistas e 31 bailaríns corais)
- **24 músicos** (18 músicos e 6 pandereteiras)
- **40 persoas no coro**

**‘O PODER DO
ARCABUZ’ É
UNHA HISTORIA
SOBRE AS
INXUSTIZAS E O
PODER**

O PODER DO ARCABUZ (2)

O espectáculo está concibido nunha estrutura compostral de diferentes escenas que se irán sucedendo unha tras doutra a modo de actos, nos que se fusionarán diferentes artes escénicas: danza e baile tradicional galego, danza contemporánea, música e teatro.

A obra está formada polos seguintes actos:

- 1. Opresión e convencemento:** coreografía que representa o sufrir do polo e o asoballamento ao que está sometido, así como o proceso de convencemento para erguerse e relamar xustiza.
- 2. As xuntas, formación e adestramento das tropas irmandiñas:** fórmase a Xunta da Santa Irmandade e escóllese o capitán irmandiño. Comeza a preparación para a loita.
- 3. Derrubamento dos castelos e expulsión da nobre:** asedio coreográfico e musical dos irmandiños á nobre e os seus castelos.
- 4. Exilio da nobre e desfile das hostes:** preparación para o contraataque, despregue de forza das hostes.
- 5. Desenlace:** Desgaste do poder irmandiño, ataque das hostes e morte do capitán.


**FUSIONARANSE
DIFERENTES
ARTES
ESCÉNICAS:
DANZA
TRADICIONAL,
CONTEMPORÁNEA,
MÚSICA E
TEATRO**

A DANZA

A danza e o baile tradicional galego serán o elemento principal do espectáculo, a linguaxe de cohesión de todo. Na obra amosaranse diferentes movementos e expresións de danzas, bailes, músicas, cantos e coreografías, moitas delas medievais, empregando un amplísimo abano de movementos folclóricos que evolucionarán até os nosos días e que servirán para relatar o que se quere contar en cada momento. A danza galega é unha das máis interesantes de todo o abano folclórico europeo e ten unhas posibilidades escénicas e de renovación infinitas.

En “O poder do arcabuz” traballárase sobre os movementos máis antigos que perviven nas danzas que aínda, hoxe en día, se bailan por toda Galicia (de espadas, de arcos, de paus, de cintas, de reis, de donas e galáns, etc.). Case todas proveñen de distintos gremios da época medieval, aínda que tamén traeremos á obra os bailes de divertimento máis antigos, que son as muiñeiras e as ribeiranas.

A danza contemporánea tamén está presente na obra, non tanto na súa linguaxe como no seu concepto, pois é un estilo que foi creado para expresar os sentimentos e reexaminar os principios fundamentais da danza como medio de comunicación.



A MÚSICA

A música, dirixida por Pedro Lamas, será un eixo fundamental do espectáculo e fusionará a música tradicional e a culta, facéndo énfase na do medievo, creando bases contemporáneas e étnicas utilizando música instrumental, de percusión e vocal (solista e coral), que nos permite cruzar a fronteira pasado-presente con naturalidade e modernidade.

A música corre a cargo dunha **orquestra creada para a ocasión con 15 músicos de instrumentos de vento, un quinteto de gaitas, un grupo de pandereteiras e un coro de 40 voces.** Haberá tamén percusión, realizada polos propios bailadores, dado que a obra está concibida coma unha especie de musical e axudará á maior comprensión daquilo que o autor quere contar.



A DRAMATURXIA

A dramaturxia é a arte da composición e representación dunha obra especificamente para súa representación sobre o escenario. En “O poder do arcabuz” consistirá en darlle forma á estruturación da historia con elementos específicos do teatro, creando personaxes e conflitos presentados coma se aconteceran “aquí e agora”, introducindo para isto dous protagonistas: o capitán irmandiño e unha nobre.



A HISTORIA: OS IRMANDIÑOS (1)

Na baixa Idade Media tivo lugar en Galicia un acontecemento histórico dunha grandísima importancia que constituíu a maior revolta europea de todo o século XV: o levantamento da Santa Irmandade do Reino de Galicia, os Irmandiños. O ben común, a xustiza, a paz e a seguridade eran ás súas demandas.

A fame, as epidemias e, sobre todo, os abusos dos nobres sobre a poboación foron o desencadeante desta revolución armada do pobo galego no ano 1467. Existía un sentimento acumulado de agravio polos males e danos que as vilas e aldeas recibían das fortalezas (percibidas como refuxios de malféitores). Outro factor importante foi a debilidade do Estado medieval que tiña lugar en toda Europa.

Apoiaron e formaron parte das Santas Irmandades persoas de toda índole: campesiños, viláns, fidalgos e mesmo o clero. Chegou a formarse un exército de 80.000 homes que lograron expulsar á alta nobreza galega cara a Castela e Portugal derrubando o 72% das fortalezas e castelos de Galicia (169 edificacións), símbolo da opresión que viñan sufrindo durante máis de corenta anos.

**A IRMANDIÑA
FOI A MAIOR
REVOLTA
EUROPEA DO
SÉCULO XV**

A HISTORIA: OS IRMANDIÑOS (2)

“Danos robos e males. Robo de ombres, personas y en sus vienes, robandoles sus bois y bestias y que les forçaban sus mugeres e fijas e que muchos de los dichos danos se azían ansi de las gentes que en sus casas como en la de las fortalezas.” [Preito Tabera-Fonseca]

A vitoria Irmandiña durou dous anos, de 1467 até 1469 cando, apoiados polos reinos de Portugal e Castela, os nobres reorganizáanse e volven a Galicia conquistando de novo os seus territorios. Gañan a guerra principalmente por dúas razóns: o desgaste dos mandos das distintas irmandades, de distinta clase social, e fundamentalmente, porque as tropas dos nobres traían consigo a primeira arma de pólvora, o arcabuz.

Até certo punto a revolución irmandiña tivo influencia na creación do Estado Moderno, xa que, unha monarquía absolutista só se pode impor unha vez que os grupos populares derrubaron, irreversiblemente, as fortalezas, non só as físicas, senón tamén éticas.



A COMPAÑÍA: QUIQUE PEÓN CÍA (1)

Quique Peón Cía é a compañía profesional de danza de Quique Peón, o máis destacado bailarín, director e coreógrafo da danza tradicional en Galicia. Creada en outubro de 2009, estreou os espectáculos 'Ovay', 'Alendacroa' e 'Amizade'.

Quique Peón Cía naceu cos obxectivos de promocionar a cultura de Galicia en todas as súas manifestacións artísticas, profesionalizar un sector en concreto que até o momento non tivera esa posibilidade, o da danza tradicional galega, e dignificar a figura do bailarín galego tradicional.

Quique Peón decide crear este proxecto artístico logo de trinta anos de investigación etnográfica en Galicia, no seu empeño por explorar as múltiples posibilidades dos movementos tradicionais na escena moderna.



A COMPAÑÍA: QUIQUE PEÓN CÍA (2)

A primeira aposta da compañía foi o espectáculo '**Ovay**', unha coprodución co Centro Coreográfico Galego. 'Ovay' é un solo de danza con música en directo e dramatización teatral que amosa as formas de expresión masculina e feminina empregando un amplo abano de movementos tradicionais galegos que evolucionan até chegar aos nosos días.

A segunda montaxe foi '**Alendacroa**' (2011), que aunaba a danza tradicional galega coa oriental, a tribal e a contemporánea fundíndose o teatro e a música.

Grazas ao terceiro espectáculo, '**Amizade**' (2012), que era un dos actos de 'Alendacroa', Quique Peón Cía consegue dous importantes galardóns en Madrid: o segundo premio do XXI Certame de Coreografía de Danza Española e Flamenco e o premio do Conservatorio Superior María de Ávila.



O GRUPO DE MÚSICA E BAILE: XACARANDAINA

O Grupo de Música e Baile Tradicional Xacarandaina, fundado en 1978, ten como misión fundamental a investigación do folclore galego, sendo o máximo expoñente dos ideais de conservación, divulgación e dignificación deste folclore. Para iso desenvolven espectáculos con baile e música tradicional, ofrecendo unha coidada escenografía e cunha grande riqueza e diversidade de vestiario de todo o país

Para conseguir o seu obxectivo, o Grupo desprázase polas distintas aldeas e poboacións do país, facendo un importantísimo traballo de campo, recuperando así músicas, bailes, danzas, cancións, instrumentos e traxes autóctonos.

Nesta produción con Quique Peón Cía, **Xacarandaina achega 27 bailaríns**, que foron escollidos a través dunha convocatoria aberta.

Últimos espectáculos realizados por Xacarandaina:

- 'Alecrín' (2010)
- 'Galicien Amerika Line' (2011, espectáculo que foi visto por máis de 15.000 persoas)
- 'Gala do Patrimonio Inmaterial' (2014)




O EQUIPO: HENRIQUE PEÓN (1)

AUTOR, DIRECTOR E COREÓGRAFO

Henrique Peón compaxina a súa faceta de investigador, intérprete e docente no ámbito tradicional coas súas inquedanzas interpretativas e as novas experiencias na danza contemporánea, convencido de que o bailarín galego é un verdadeiro artista e o folclore de Galicia unha excelente fonte practicamente sen explorar nos espazos escénicos profesionais.

Peón é o máis destacado bailarín, director e coreógrafo da danza tradicional en Galicia. Logo de trinta anos de investigación etnográfica en Galicia, no seu empeño por explorar as múltiples posibilidades dos movementos tradicionais na escena moderna, decide crear unha compañía propia, Quique Peón Cía.

Froito destas ideas e do seu traballo de campo son os centos de melodías e danzas que recuperou e a súa longa traxectoria como bailarín e profesor de baile e música tradicional galega nas agrupacións máis prestixiosas do país, como Xacarandaina, que dirixe desde o ano 1981 e con quen obtivo importantes premios a nivel internacional.



O EQUIPO: HENRIQUE PEÓN (2)

AUTOR, DIRECTOR E COREÓGRAFO

O seu traballo como coreógrafo especializado en cultura tradicional levouno en 2007 a contactar co mundo da danza contemporánea. Foi asistente coreográfico con diversos artistas e formou parte do elenco de 'Kiosco das almas perdidas', dirixido polo prestixioso coreógrafo Roberto Oliván.

Recibiu ducias de premios ao longo da súa carreira, entre eles o 2º premio do "XXI Certamen de Coreografía de Danza Española y Flamenco" (2012), o Premio Conservatorio Superior de Madrid "María de Ávila" (2012), o 1º Premio Certame Internacional de Folclore Sátorajújhely (Hungría, 2001) ou o Premio ao mellor bailarín de Galicia (Xornadas de Folclore Galego de Santiago, 1988).

Como músico lidera, xunto con Xurxo Fernandes, o grupo Radio Cos, unha formación que renovou nos últimos anos a música tradicional galega e con quen está preparando o seu segundo disco.



O EQUIPO: PEDRO LAMIAS

COMPOSITOR, ARRANXOS E DIRECCIÓN MUSICAL.

Pedro Lamas é gaiteiro e compositor, dunha terra vizosa en músicos como é Cecebre. Compaxina a súa faceta de mestre de música tradicional coa de músico e arranxista para diversas formacións como Luvas Verdes, Nova Galega de Danza, Vaamonde, Lamas e Romero ou Radio Cos entre moitos outros. O seu paso precoz por diferentes concursos e certames de gaita celebrados no país deixa como bagaxe un dos curriculums máis laureados da música tradicional en Galicia con máis de medio cento de premios e recoñecementos no seu haber.

No 2011 acada o Título Superior de Música na especialidade de Jazz polo Conservatorio de Música da Coruña, sendo o primeiro coruñés en rematar estes estudos da man de mestres como Roberto Somoza, co que enceta na mesma cidade un proxecto de revalorización da música tradicional no contexto da música contemporánea como é a Orquestra de Jazz de Galicia.



O EQUIPO: FICHA ARTÍSTICA

- Autor, director e coreógrafo: **Henrique Peón**
- Compositor, arranxos e dirección musical: **Pedro Lamas**
- Asistente coreográfico: **Jordi Vilaseca**
- Asistente de dramaturxia: **Susana Crespo**
- Deseño de iluminación: **Santiago Mañasco**
- Deseño vestuario: **Henrique Peón**
- Confección vestuario: **M. Teresa Rosales / Santos Salgado**
- Dirección Coro: **Arantxa Concheiro**
- Dirección músicos tradicionais: **Miguel Vázquez**
- Dirección pandereiras: **Xurxo Fernandes**
- Deseño gráfico: **Pablo Federico**

O EQUIPO: FICHA ARTÍSTICA (2)

Bailadoras/es

Ana Fernández - Carmela Amigo - Celeste González - Eva González (Nobre) - Cristina Ramos - Cristina Rodríguez - Fátima Freire - Inés Valiño - Iria González - Iria Rey - Laura Fernández - Marta López - Nekane Louzao - Patricia Miño - Rocío Broz - Ruth Pérez - Silvia Picos - Teresa Suárez - Alberto Domínguez - Alex Ávila - Esteban Blanco - Fran Manteiga - Iago Domínguez - Héber Fernández - Dani García - Daniel Picos - Martín Río - Pablo Rivas (Capitán) - Miguel Souto - Roi Martínez - Roberto Piñón - Santiago Pardo - Valentín Varela

Músicos

Enrique Lagares (saxofón) - Diego Seoane (fagot) - Adrián Fernández (clarinete) - tania Caamaño (triángulo) - Rosalía Vázquez (violonchelo) - Andrés Pandelo (trompeta) - Miguel Domínguez (trompa) - Juan J. Casanova (gaita) - Adrián Cruz (bombo/pratos) - Cristina López (frauta traveseira) - Cibrán Seixo (violín) - Antonio Romero (contrabaixo) - Adrián Pereira (trompeta) - Lucas M. Blanco (trombón) - Rubén Carro (tuba) - Santiago Lage (gaita) - Miguel Vázquez (percusións) - Francisco Barcia (acordeón)

Pandereteiras

María Vázquez - Iria López - Saleta Cundíns - Marta Vidal - Sonia Reborido - Ana I. Rodríguez

Coro

Sopranos: Mari Abuín - Alba Álvarez - Mar Cancela - Blandina Fernández - Remedios García - Ana Guerreiro - Vanessa León - Laura Mariño - Begoña Martínez - Belén Mato - Rosa María Miguélez - María Moreno - María del Carmen Nouche - Carolina Mallo

Contraltos: Rosa María Ares - Carmen María Conde - María Criado - Rebeca Fernández - Fernanda Montáns - Marta Núñez - Mercedes Roel - Sabela Roel - Matilde Senande - Ermitas Vázquez

Tenores: Julio Amaro - Manolo Cancela - Moncho Dono - Juan Mato - Jesús Manuel Fernández - Toninho Fernández - Fernando Freire

Baixos: Pepe Cundíns, Alfredo Fernández, Manuel Frías - José Ramón Huesa - Juan Iglesias - Rubén Lareo - Miguel León - Pepe Peñuela - Lino Rivas

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

CONFERENCIA DE CARLOS BARROS SOBRE OS IRMANDIÑOS 25 DE NOVIEMBRE

Carlos Barros Guimeráns é profesor titular de Historia Medieval da Universidade de Santiago de Compostela e o principal estudoso dos Irmandiños.

Ten publicado varios libros sobre o tema, como 'A mentalidade xusticieira dos irmandiños' (Xerais, 1988), 'Mentalidad justiciera de los irmandiños, siglo XV' (Siglo XXI de España, Colección "Historia de los Movimientos Sociales", 1990), ademais de múltiples ensaios en publicacións especializadas.

<http://www.cbarros.com/>





Comunicación

komunikakultura@gmail.com

699.945.778

<http://opoderdearcabuz.wordpress.com>

